

As mans que sosteñen o mundo

Ninguén sabía o nome da muller que limpaba o instituto polas noites, ou quizais si, pero ninguén o consideraba importante dabondo como para lembralo.

Chegaba cando o ruído marchaba, cando as risas se apagaban e as aulas quedaban cheas de papeis esquecidos e palabras escritas á presa.

As súas mans gastadas e firmes, recollían o que outros deixaban atrás. Mans de muller, mans de inmigrante, mans invisibles.

Chamábanlle a señora da limpeza. Nunca polo seu nome.

- Boa noite - dixo un alumno un día, sorprendido de vela aí.

Ela sorriu, sen moitas palabras.

- Aquí hai moito por facer - respondeu, con voz suave.

Ela viña doutro lugar, dun país que só aparecía nas noticias cando había fame ou guerra. Cruzara fronteiras, mares e silencios para acabar fregando chans que non eran seus, escoitando unha lingua que ao principio non entendía; pero ha que agora lle doía comprender demasiadas cousas.

Unha noite atopou un caderno esquecido sobre mulleres fortes da historia. Sorriu con tristura. Antes de marchar, escribiu no encerado, con trazo seguro e valente :
“Eu tamén existo”.

Ao día seguinte a mensaxe xa estaba borrada.

